

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I	Santiago de Compostela	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	2ª Lingua estranxeira - Alemán	1º ESO	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	32

1. Introducción

1. O Instituto de Educación Secundaria Arcebispo Xelmírez I é, xunto cos IES Salvador de Madariaga (da Coruña), Lucus Augusti (de Lugo), Sánchez Cantón (de Pontevedra) e Otero Pedrayo (de Ourense), un dos cinco institutos históricos do país, e o segundo máis antigo. Creouse en 1845, coincidindo co chamado plan Pidal, é dicir, co Real decreto atendendo a necesidade de organizar do modo máis conveniente a instrución pública do reino na parte relativa aos ensinos secundario e superior (Gaceta de Madrid, 25 de setembro de 1845). Nos primeiros tempos compartiu profesorado e aulas coa universidade. Tivo varias denominacións, e en 1942 pasou a chamarse Instituto Nacional de Segunda Ensinanza Arcebispo Xelmírez.

O instituto tivo a súa primeira localización no Pazo de San Xerome, onde actualmente se atopa a reitoría da Universidade de Santiago de Compostela. Despois mudouse para a praza de Mazarelos (que moita xente aínda coñece como praza do Instituto), para o edificio que hoxe ocupa a Facultade de Filosofía da USC. En 1965 trasladouse para o edificio que desde 1984 alberga os servizos centrais da Administración da Xunta de Galicia, en San Caetano. A sede actual do instituto atópase na avenida das Burgas, no Campus Vida da USC, e consta de dous edificios: aquel onde se atopan a aula magna, as aulas, os laboratorios, as bibliotecas (a xeral e mais a antiga, que posúe un fondo duns 7.000 volumes do histórico Instituto de Santiago), os despachos dos departamentos e do equipo directivo, a oficina administrativa, a bedelaría, o laboratorio-museo (unha mostra do material científico de segundo ensino do século XIX, que contén máis de 450 pezas ou pequenas coleccións que formaron parte do laboratorio de Química e dos gabinetes de Física e de Historia natural do Instituto de Santiago), o arquivo histórico e mais a cafetería; e o edificio onde se atopan o salón de actos e o pavillón de deportes.

No instituto cursan os seus estudos ao redor de 950 alumnos (educación secundaria obrigatoria, bacharelato, educación secundaria e bacharelato para persoas adultas, e ciclo). Na ESO hai tres grupos por curso e no bacharelato catro. No bacharelato ofrécense dúas modalidades: a de ciencias e mais a de humanidades e ciencias sociais (cos dous itinerarios de humanidades e ciencias sociais). O alumnado procede maioritariamente de familias cun nivel de renda medio, con ingresos procedentes do sector terciario. Dous terzos do alumnado é de extracción urbana, mentres o resto procede do ámbito rural e de concellos limítrofes.

O claustro está composto por uns 85 profesores, que forman parte dos 20 departamentos didácticos. O equipo directivo está formado polo director, o vicedirector, a secretaria, o xefe de estudos diurnos e mais o xefe de estudos nocturnos. O cadro do persoal de administración e servizos está composto por 11 persoas, e existe tamén unha asociación de nais e pais do alumnado. O consello escolar está composto polo director, a secretaria, os xefes de estudos, sete representantes do profesorado, tres representantes das nais e dos pais do alumnado, catro representantes do alumnado, un representante do persoal administrativo e de servizos e un representante do Concello de Santiago de Compostela.

Para potenciar o uso da lingua galega, o instituto conta cun equipo de dinamización lingüística integrado por tres profesores, tres alumnos e un membro do persoal de administración e servizos.

En canto ás actividades extraescolares, o centro organiza obradoiros voluntarios, que teñen lugar polas tardes. A Asociación de Nais e Pais de Alumnos adoita ofrecer actividades varias.

2. O incremento das relacións internacionais por motivos educativos, laborais, profesionais, culturais, turísticos e de acceso aos medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Ademais, o desenvolvemento de novas tecnoloxías converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para a inserción no mundo laboral e a comunicación en xeral.

O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias ao tempo que facilita e fomenta as relacións interpersoais, favorece unha formación integral do individuo mediante o desenvolvemento do respecto a outros países, aos seus falantes e ás súas culturas, e permite comprender mellor a lingua propia.

A integración na Unión Europea de países con falantes de linguas diversas tamén fai preciso o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla comunidade. Neste contexto, recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da identidade europea: unha identidade plurilingüe e multicultural, así como un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre os países.

Todas estas razóns levan a considerar a necesidade de que o alumnado da educación secundaria obrigatoria remate os seus estudos co coñecemento de, polo menos, dúas linguas diferentes da propia. O alumnado que acceda ao bacharelato debe levar, polo tanto, unha bagaxe de coñecemento da lingua estranxeira que lle permita desenvolverse en situacións habituais de comunicación. Nesta etapa é necesario fomentar máis a autonomía do alumnado, xa que as necesidades e os intereses de futuro de cada alumno estarán xa perfilados con maior precisión. De modo que a aprendizaxe da lingua estranxeira no bacharelato suporá, por unha banda, a prolongación e a

consolidación do que xa se coñece e, por outra banda, un desenvolvemento de capacidades máis especializadas en función dos intereses profesionais e académicos que guiarán o futuro laboral do alumno.

O Consello de Europa insiste na necesidade de que as persoas desenvolvan competencias suficientes para relacionarse con outros membros dos países europeos. En consecuencia, estima que se lle debe dar un novo pulo ao ensino de idiomas que axude a desenvolver a idea de cidadanía europea e recomenda a adquisición dun certo nivel de competencia comunicativa en máis dunha lingua estranxeira durante a etapa da educación secundaria obrigatoria. Na etapa posterior do bacharelato débense desenvolver aínda máis os mecanismos que lle permitan ao alumnado continuar a aprendizaxe de idiomas durante a vida adulta.

Por este motivo, o Consello de Europa establece un Marco común europeo de referencia para a aprendizaxe, o ensino e a avaliación das linguas, onde indica que, para desenvolver progresivamente a competencia comunicativa nunha determinada lingua, o alumnado debe ser quen de levar a cabo unha serie de tarefas de comunicación. Estas tarefas configuran un conxunto de accións que teñen unha finalidade comunicativa concreta dentro dun ámbito específico. Para a súa realización actívase a competencia comunicativa, pónense en xogo diversas estratexias e utilízanse diferentes destrezas lingüísticas e discursivas de forma contextualizada. As destrezas que se desenvolverán serán: produtivas (expresión oral e escrita), receptivas (comprensión oral e escrita e interpretación de códigos non verbais) e baseadas sobre a interacción ou a mediación.

Xunto co exposto anteriormente, o proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribuirá á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade, a integración social, as posibilidades de acceso a datos de interese, etc. Na etapa educativa do bacharelato, os idiomas utilizaranse especialmente para promover a formación intelectual e para acceder a informacións específicas propias doutras áreas de coñecemento, que lle permitan ao alumnado estar en contacto cos cambios permanentes no saber científico, humanístico e tecnolóxico.

Deste xeito, a educación secundaria obrigatoria propiciará que os alumnos que hoxe se están a formar coñezan formas de vida e de organización social diferentes das nosas, melloren a súa capacidade de empatía, diversifiquen as súas canles de información e establezan relacións caracterizadas pola tolerancia social e cultural, mentres o bacharelato propiciará que o avance no coñecemento contribúa a ampliar o horizonte de cada alumno, a que afonde no achegamento a formas de vida e de organización social diferentes das nosas, a intercambiar opinións sobre problemas que se comparten internacionalmente, a diversificar os seus intereses profesionais e a consolidar valores sociais que favorezan o encontro nun mundo onde a comunicación internacional está cada vez máis presente.

3. Se un dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria é comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada, a materia de Alemán, concretamente, contribúe á adquisición das distintas competencias clave que conforman o perfil de saída do alumnado ao termo da ensinanza básica e, de forma directa, participa na consecución da competencia plurilingüe, que implica o uso de distintas linguas de forma apropiada e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación. O plurilingüismo integra non só a dimensión comunicativa, senón tamén os aspectos históricos e interculturais que conducen o alumnado a coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural e contribúen a que poida exercer unha cidadanía independente, activa e comprometida cunha sociedade democrática. En consonancia con este enfoque, a materia de Alemán na etapa de educación secundaria obrigatoria ten como obxectivo principal a adquisición da competencia comunicativa apropiada na lingua alemá, de modo que lle permita ao alumnado comprender, expresarse e interactuar en alemán con eficacia, así como o enriquecemento e a expansión da súa conciencia intercultural.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender o sentido xeral e información relevante e predicible en textos sinxelos e ben estruturados, en lingua estándar relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do nivel escolar, e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Producir textos de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma adecuada e coherente mensaxes que respondan a propósitos comunicativos cotiáns.	1	1-2	1	2	5		1	3
OBX3 - Interactuar con outras persoas usando expresións sinxelas, recorrendo a estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a necesidades inmediatas do seu interese en intercambios comunicativos respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1		3	3		
OBX4 - Mediar entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos simples, resumir ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3			1
OBX5 - Recoñecer, ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando sobre o seu funcionamento e identificando as estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas en situacións coñecidas.		2	1	2	1-5			
OBX6 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira, identificando e compartindo as semellanzas e as diferenzas entre linguas e culturas, para actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais.	5	3			1-3	3		1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Was weisst du über D-A-CH?	<ul style="list-style-type: none"> - Saber comezar e rematar unha conversa: saudar e despedirse. - Facer preguntas e solicitar información sobre persoas e lugares. - Saber escribir en alemán. - Coñecer e utilizar os números do 0 ao 12. 	14	10	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Was weisst du über D-A-CH?	<ul style="list-style-type: none"> - Recoñecer e utilizar palabras internacionais. - Coñecer os tres países europeos de fala alemá. 	14	10	X		
2	Die Medien-AG	<ul style="list-style-type: none"> - Pedir e dar información xeral sobre un mesmo e sobre as demais persoas (idade, orixe, gustos...) - escoitar e comprender de forma global e específica audicións sobre mozos alemáns da súa idade e unha canción. - Ler e comprender información en distintos tipos de textos: correo, canción, diálogos. - Coñecer e xestionar o vocabulario necesario para informarse sobre datos persoais, gustos e preferencias, nomes de países. - Escribir textos sinxelos a partir dun modelo dado. - Coidar a pronuncia e a entoación. 	14	10	X		
3	Mein Schulalltag	<ul style="list-style-type: none"> - Saber preguntar e responder de forma sinxela sobre aspectos comúns no contorno do alumno. - Coñecer e utilizar vocabulario dentro do ámbito escolar. - Utilizar a negación nas súas producións orais e escritas. - Comprender de forma global e específica audicións sinxelas. - Coñecer a orde dos elementos na oración. - Coñecer a formación de palabras compostas. 	14	10		X	
4	Schule... Schule... Schule	<ul style="list-style-type: none"> - Saber facer e responder preguntas relacionadas co ámbito escolar (materias, horario...). - Facer unha descrición simple do seu horario. - Comprensión global e específica de audiencias sinxelas. - Ler e comprender global e especificamente textos escritos que falen sobre o ámbito escolar. - Ler distintos tipos de textos (narrativa, diálogos, blog de internet). - Coñecer a formación do plural do substantivo e as súas diferentes formas. - Saber preguntar e dicir a hora oficial e extraoficialmente. 	14	10		X	
5	Meine Lieblingstiere	<ul style="list-style-type: none"> - Saber pedir e dar información sobre gustos e preferencias. - Saber describir mascotas. - Extraer global e especificamente información de textos e audicións - Escribir textos sinxelos a partir dun modelo dado. - Incorporar ás súas producións novos 	15	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Meine Lieblingstiere	léxicos (nomes de animais, cores e adxectivos) e estruturas aprendidas (verbos con acusativo). - Valorar o sentido lúdico da aprendizaxe: xogar en parellas. - Practicar a pronuncia mediante trabalinguas.	15	10			X
6	Lust auf Freizeit?	- Facer propostas aos demais para quedar e ir a algún sitio. - Aceptar ou rexeitar expresamente as propostas. - Saber describir as actividades que se realizan a diario. - Expresar preferencias e o que se pode ou non se pode facer. - Extraer global e especificamente información de textos e audicións - Escribir textos sinxelos a partir dun modelo dado. - Incorporar ás súas producións novos léxicos (actividades cotiás, lugares de lecer) e estruturas aprendidas (verbos separábeis, preposicións de lugar en acusativo, a negación con 'nicht' e 'kein'). - Valorar o sentido lúdico da aprendizaxe: sudoku, canción, xogo en parellas.	15	10			X
7	Responsabilidade e participación	- Amosar sentido da responsabilidade: tarefas, controis de vocabulario, material didáctico, libreta, axenda, etc. - Participar: preguntas, respostas, interacción, iniciativa, traballo a maiores, puntualidade, concentración, respecto polo profesorado e polos compañeiros, etc.	14	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Was weisst du über D-A-CH?	10

Crterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o tipo de texto e adáptase á comprensión dese texto. - Distingue entre tipos de comprensión (sentido xeral, etc.). - Comprende mensaxes breves e sinxelas. - Comprende información global e específica en textos sinxelos. - Identifica palabras internacionais. 	TI	100
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Utiliza estratexias de comprensión das mensaxes. 		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Inicia e mantén relacións persoais e sociais (presentacións). - Pide e ofrece información. 		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica lugares, personaxes e produtos típicos dos países de fala alemá. - Valora o alemán como medio de comunicación. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.

Contidos

- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
2	Die Medien-AG	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o tipo de texto. - Comprende as mensaxes breves e sinxelas relativas ás actividades da aula. - Comprende a información global e específica. 	TI	100
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Utiliza estratexias de comprensión das mensaxes. 		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Inicia e mantén relacións persoais e sociais (presentacións). - Pide e ofrece información. - Valora o traballo en grupos pequenos. 		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Interésase polas actividades de tempo libre das nenas e dos nenos dos países de fala alemá. - Identifica cidades nos países de fala alemá. - Identifica os países de Europa. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira. - Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira. - Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio. - Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia. - Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

UD	Título da UD	Duración
3	Mein Schulalltag	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Aplicar de forma guiada coñecementos estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza e coordina as súas competencias xerais e comunicativas para realizar a tarefa con eficacia. - Localiza e usa axeitadamente recursos lingüísticos. - Utiliza estratexias básicas no proceso de composición escrita. 	TI	100
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Concibe a mensaxe con sinxeleza e claridade. - Compensa as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos e paratextuais. 		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	<ul style="list-style-type: none"> - Adapta a mensaxe á persoa destinataria. - Utiliza estratexias de comunicación para iniciar, manter e rematar a interacción. 		
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	<ul style="list-style-type: none"> - Pide axuda. - Realiza accións para aclarar o significado. 		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	<ul style="list-style-type: none"> - Identifica o tipo de texto. - Comprende as mensaxes breves e sinxelas relativas ás actividades da aula. - Comprende a información global e específica. 		
CA1.12 - Utilizar estratexias de activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados, compensando as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Mobiliza información previa sobre o tipo de tarefa e o tema. - Utiliza estratexias de comprensión das mensaxes. 		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> - Inicia e mantén relacións persoais e sociais (presentacións). - Pide e ofrece información. - Expresa afirmación e negación. 		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	<ul style="list-style-type: none"> - Interésase polas diferenzas entre as culturas educativas galega e dos países de fala alemá. - Identifica cidades nos países de fala alemá. - Identifica os países de Europa. 		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados. - Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido). - Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día). - Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos). - Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación. - Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas. - Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns. - Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc. - Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos). - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados. - Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa. - Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes. - Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.

Contidos

- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
